Erica cinerea L., 1753

- carpaza de maio, queiruga de tres follas, carrasco
- carracina, brezo ceniciento
- ainarra purpura
- bruc vermell
- bell heather, twisted heath
- urze roxa



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Ericales**	**Ericaceae**	***Erica***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto que non supera os 0,8 m de altura. Presenta talos novos con costelas apenas marcadas, máis ou menos angulosos, con codia marrón avermellada, cun indumento de pelos curtos, non glandulares, espallados e brancos, que lles dan un ton cinsento. Follas en verticilos de 3, erecto-esparixidas, lineares ou lanceolado-lineares, glabras, ciliadas, a miúdo acompañadas de fascículos de follas axilares. Inflorescencias en forma de panícula, compostas por acios terminais e laterais en forma de umbela. Sementes de 0,84 mm, ovoides ou elipsoidais, algo curvadas, reticulado-alveoladas.

HÁBITAT

Uceiras, piñeirais, carballeiras ou bosques de aciñeiras despexados, sobre solos silíceos ou calcarios lavados, ás veces relativamente secos; dende o nivel do mar ata os 1000 metros de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Metade norte da Península Ibérica, oeste de Europa, Liguria, Córsega, Transilvania e Madeira.

CURIOSIDADES

É unha planta melífera que se cultiva ás veces como ornamental.